MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA Á ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE FRADES PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL DE ABELLÁ

Con data 15 de outubro de 2026 a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co Concello de Frades un convenio de colaboración para a realización das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Frades, para a realización das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá. As actuacións comprenden as seguintes actuacións:

- Construción dunha cuberta no lateral suroeste do campo de fútbol.
- Acondicionamento da parte oeste da nave de vestiarios, creando nesta zona cuberta un novo vestiario mixto.

A actuación ten como finalidade principal mellorar as condicións de uso, funcionalidade, accesibilidade e seguridade das instalacións deportivas municipais, favorecendo o seu aproveitamento pola cidadanía e, especialmente, polas persoas e entidades que desenvolven nelas actividades deportivas de carácter continuado.

Trátase, polo tanto, dunha intervención sobre unha infraestrutura deportiva existente, destinada a optimizar o seu funcionamento e incrementar a súa utilidade social, sen alterar a finalidade esencial da instalación.

As instalacións deportivas municipais constitúen equipamentos públicos destinados á práctica deportiva, á actividade física e ao desenvolvemento de actividades de carácter social e comunitario. O campo de fútbol é utilizado de maneira habitual tanto para a celebración de competicións deportivas como para adestramentos, concentrándose nel unha importante actividade ao longo da tempada deportiva.

Na actualidade, o lateral suroeste do campo carece dunha zona adecuadamente acondicionada que permita aos espectadores dispoñer de acubillo fronte ás condicións meteorolóxicas adversas, especialmente durante os períodos de chuvia, vento ou elevada exposición solar. Esta circunstancia limita as condicións de confort e protección das persoas usuarias e espectadoras, resultando conveniente dotar a instalación dunha solución permanente que permita mellorar substancialmente as condicións de utilización do equipamento.

Paralelamente, a actual zona situada ao oeste da nave de vestiarios consiste nun espazo cuberto pero aberto que se utiliza actualmente como almacén. A actuación permitirá reordenar e optimizar este espazo, transformándoo nun novo vestiario mixto, incrementando a superficie útil existente e adaptándoa ás necesidades actuais de utilización das instalacións.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oR6aqH25fUc1 https://sede.xunta.gal/cve

En particular, a creación da cuberta para espectadores permitirá:

- Proporcionar protección fronte á chuvia, vento e radiación solar.
- Mellorar as condicións de seguridade e confort das persoas asistentes.
- Incrementar a calidade do equipamento deportivo municipal.
- Favorecer a asistencia do público ás actividades e competicións deportivas.
- Permitir un uso máis axeitado da instalación durante diferentes condicións meteorolóxicas.

Pola súa banda, a creación do novo vestiario permitirá mellorar a organización funcional do equipamento, incrementar os espazos destinados aos deportistas e adaptar a instalación ás necesidades actuais de utilización.

A actuación supón, polo tanto, unha mellora dun servizo público existente, optimizando os recursos e infraestruturas municipais xa dispoñibles.

O deporte constitúe unha actividade de especial relevancia social pola súa contribución á saúde, ao benestar, á integración e á participación da cidadanía. As instalacións deportivas municipais non son exclusivamente espazos destinados á práctica deportiva, senón tamén lugares de convivencia, participación e relación social, especialmente relevantes para a infancia e a mocidade.

A actuación permitirá mellorar as condicións nas que se desenvolven actividades deportivas, competicións e adestramentos, favorecendo particularmente as persoas deportistas, familias, acompañantes e espectadores.

A intervención supón unha actuación proporcionada, funcional e de interese xeral, ao mellorar unha infraestrutura pública existente e incrementar a calidade dos servizos deportivos postos á disposición da cidadanía.

Considérase que a execución do proxecto responde a unha finalidade de interese público e social, presenta unha incidencia económica favorable pola optimización e posta en valor das infraestruturas existentes e contribúe á mellora da prestación do servizo público deportivo municipal.

En consecuencia, o Concello de Frades solicitou esta axuda para satisfacer as necesidades dos veciños, xa que as obras de mellora pretenden garantir unhas instalacións modernas, seguras, saudables e adaptadas á normativa vixente, incrementando a calidade do servizo público prestado polo Concello. Polo tanto, como administración local encargada de velar polos intereses da veciñanza, considera que se dan razóns de interese público e social.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase porque na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público, e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oR6aqH25fUc1 https://sede.xunta.gal/cve

outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Frades de afrontar en solitario os compromisos económicos que o financiamento da execución das actuacións obxecto de subvención representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Frades.

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade de **CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (48.386,88 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Na cláusula sexta "conta xustificativa" do convenio establécese como data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, o 1 de novembro de 2026.

O Concello de Frades solicitou a ampliación do prazo para a execución das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá e da presentación da documentación xustificativa, dado que segundo manifesta:

"A solicitude de prórroga responde á necesidade de dispoñer dun marxe temporal adicional e estritamente limitado no tempo, para concluir axeitadamente a actuación subvencionada, preservando as condicións de calidade, seguridade e correcta execución exixibles, así como para preparar a documentación xustificativa correspondente.

(...) A execución subvencionada levouse a cabo segundo a planificación prevista, pero durante o transcurso dos traballos xurdiron determinadas circunstancias que condicionaron o ritmo normal de execución.

As principais dificultades concentráronse nos traballos correspondentes á execución dos traballos de cuberta e montaxe da estrutura metálica que a conforma, debido fundamentalmente á concorrencia do retraso no subministro dos materiais necesarios para a súa execución así como as condicións meteorolóxicas desfavorables.

As condicións meteorolóxicas rexistradas durante o período de execución dos traballos, de choiva e vento, dificultaron de maneira significativa o desenrolo dos

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oR6aqH25fUc1 https://sede.xunta.gal/cve

traballos pendentes, especialmente os relacionados coa colocación, montaxe e terminación da cuberta.

Estas circunstancias obrigan a adaptar a planificación dos traballos, producíndose interrupcións, demoras e unha redución do tempo efectivo dispoñible para executar as operacións previstas.

Tamén se suman atrasos no subministro e dispoñibilidade dos materiais necesarios para completar á estrutura da cuberta. A súa execución depende da dispoñibilidade dos elementos e compoñentes, cuxa recepción resulta imprescindible para poder continuar de xeito ordenado coas operacións de montaxe, ensamblaxe, fixación e terminación.

A demora na entrega dos materiais condicionou a execución dos traballos, ao tratarse de elementos necesarios para completar a fase construtiva, que se dará por finalizada no prazo de ampliación solicitado.

As circunstancias descritas teñen unha incidencia directa na fase final da obra. Por un lado as condicións meteorolóxicas adversas que non permitiron realizar os traballos con continuidade nin seguridade, e por outro lado, os atrasos nos subministros dos materiais condicionaron totalmente o prazo de entrega da obra.

Non obstante, trátase dun atraso limitado no tempo, asociado á fase final de execución da obra e motivado polas circunstancias anteriormente descritas. A actuación encóntrase nunha fase avanzada e o prazo adicional solicitado permitirá completar os traballos pendentes e alcanzar á plena finalización da obra.

Na actualidade, a actuación encóntrase en fase avanzada de execución, estando pendentes de rematar os traballos finais, fundamentalmente os relacionados coa cuberta.

Unha vez superadas as dificultades sinaladas e restablecidas as condicións necesarias para continuar cos traballos, a obra e a súa xustificación quedará totalmente rematada o día 4 de novembro.

A ampliación solicitada, limitada a un período concreto, considérase suficiente para completar os traballos pendentes e dispoñer da documentación necesaria para acreditar axeitadamente a execución da actuación subvencionada".

Á vista desta solicitude, con data 28 de outubro de 2026 reuniuse a Comisión Mixta prevista na cláusula décima cuarta, "Seguimento do convenio", para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio asinado. Entre as funcións da dita comisión está a proposta, de ser o caso, de addendas.

A Comisión Mixta estudou a proposta do Concello e considerou que procede a formalización dunha addenda para tal fin, na que se recolla a modificación dos prazos establecidos para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención, ata o 4 de novembro de 2026.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oR6aqH25fUc1 https://sede.xunta.gal/cve

Á vista do exposto,

ACORDO

1. Iniciar os trámites para a formalización da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Frades para a realización das obras de mellora nas instalacións deportivas do campo de fútbol de Abellá.

2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

Asinado por: ABAD PARDO, FRANCISCO JAVIER
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 28/10/2026 13:40:44

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: oR6aqH25fUc1 https://sede.xunta.gal/cve